

INSTRUCCIÓN XERENCIAL DO 5 DE MARZO DE 2014 POLA QUE SE INTERPRETA O ARTIGO 11 "TRANSFERENCIAS DE CREDITO" DAS NORMAS DE DESENVOLVEMENTO DO ORZAMENTO 2014

Ante as dúbidas xurdidas na interpretación do artigo 11 "Transferencias de crédito" das normas de desenvolvemento do orzamento 2014 da Universidade de Vigo, concretamente do seu apartado 2 ao dicir:

"2. As transferencias de crédito estarán suxeitas as seguintes limitacións xerais: ... Non poden afectar a créditos con distinta vixencia anual".

Esta Xerencia, en base á disposición adicional 3ª, poñendo o antedito en relación co contido do artigo 13 "Programa de soporte á xestión económica de grupos de investigación" e do artigo 15 "Remanentes de crédito", dita a seguinte instrución:

Os programas soporte á xestión económica dos grupos de investigación conceptúanse coma unha ferramenta para facilitar o desenvolvemento das actividades de I+D+i dos grupos de investigación.

Dita figura non pode empregarse para un fin distinto do definido no "Protocolo para o desenvolvemento do programa de soporte á xestión económica de grupos de investigación" aprobado na sesión ordinaria do Consello de Goberno que tivo lugar o 13 de xuño de 2013, sen prexuízo da súa obrigada compatibilidade coas normas de ámbito superior neste eido.

A tal efecto as dotacións orzamentarias dos "Programas Soporte" deben considerarse exentas da limitación descrita no mencionado punto das normas de execución orzamentaria.

Sen prexuízo do anterior e coa finalidade de simplificar a xestión orzamentaria, lémbrese que as dotacións dos importes acadados no marco das convocatorias referidas ás

- Axudas propias á docencia, (producción docente departamentos)
- Axudas á investigación e á transferencia (producción científica, produción de transferencia dos departamentos, e outras),


poderán imputarse directamente, na súa totalidade ou parcialmente, ás aplicacións dos Programas Soporte, a instancia do investigador principal do grupo, sempre que conste, con carácter previo ao reparto das axudas, a aprobación do Consello de Departamento, sexa esta de carácter puntual ou permanente.



En Vigo, 5 de marzo de 2014

O xerente

Manuel Fernández Jauregui



**VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
SERVIZO DE APOIO Á INVESTIGACIÓN
SERVIZO DE CONTABILIDADE, ORZAMENTOS E TESOURERÍA
SRES/AS. ADMINISTRADORES/AS DE CENTROS, ÁMBITO E CAMPUS**